



---

**POZO ANDRÉS, María del Mar (2013):** *Justa Freire o la pasión de educar. Biografía de una maestra atrapada en la historia de España (1896-1965)*. Barcelona, Octaedro, 346 pp+32 de imágenes fotográficas. ISBN: 978-84-9921-414-6.

---

Era habitual desde hai anos empregar a expresión “os mestres da República”, isto é, unha imaxe de mestre, xeralmente novo, imbuído dos ideais de xustiza, liberdade, cooperación, inquedanza cultural, ánimo de educación popular, e horizontes de progreso social; uns ideais asociados ao imaxinario despertado pola II República española e conservado, mesmo na memoria; unha memoria, non o esquezamos, ‘naturalmente’ reconstruída ao longo do tempo; uns ideais, por outra parte, duramente confrontados co franquismo tan longas décadas padecido. “Os mestres da República”...; e as “mestras da República”?

A reivindicación do protagonismo, moi a miúdo agachado, das mulleres; a diversificación de obxectos e das fontes de investigación histórica; a incorporación da antropoloxía histórica, cos seus conceptos e modos de investigación ao campo dos estudos históricos, e a vitalidade dos estudos de xénero (*gender studies*), viñeron configurándose como factores dunha necesaria revisión, que máis recentemente veu poñendo de manifesto a viva presenza das “mestras da República”, por mais que poidamos falar dunha compoñente numérica menor, dada a tradicional relegación social da muller, que nos anos trinta aínda viña abrindo unha incipiente nova ruta.

Disto viñeron dando conta diversas achegas bibliográficas, e aínda documentais gráficas, cun premio recentemente concedido a unha produción de 2013 (*Las maestras de la República*), que contou co soporte intelectual de varias profesoras e investigadoras da historia da educación. Desta liña de achegas forma parte, de modo moi valioso, a presente que comentamos, que foi construída por parte da profesora Mar del Pozo Andrés. Unha escritura biográfica na que de modo intelixente, e tamén cun punto de paixón, se non fala da vida empeñada, sempre vital e optimista, dunha mestra de escola pública, Justa Freire. Ás figuras que xa coñecemos de María Sánchez Arbós e, entre nós, da galega María Barbeito (da que existe xa o adecuado estudo histórico en espera de próxima edición), entre outras destacadas educadoras de espírito republicano, ven unirse agora con singularidade o nome de Justa Freire, “protagonista de una historia de amor y de apasionamiento por la escuela y por la enseñanza”, tecida cos

bimbios dunha práctica profesional sempre ref exiva y ref exionada.

Estamos ante un texto elaborado con rigor e mesmo con fermosura na escrita, que atende así tamén a unha das reclamacións do “facer histórico”: a busca dunha escrita interpretativa e comprensiva dirixida a unha ampla gama de lectores e lectoras, precisadas de claves históricas para unha mellor comprensión dos seus contornos vitais; unha imprescindible función do coñecemento histórico.

Justa Freire foi unha mestra de vangarda, dada a súa preocupación e trazos de orixinalidade no seu oficio docente, iniciado desde os primeiros anos vinte do pasado século; un oficio desempeñado con criterios intelectuais, morais e artísticos alicerzados nos mellores ideais culturais, pedagóxicos e sociais da Escola Nova, seguindo a estela tan próxima do seu mestre e gande educador Angel Llorca.

O camiño de Justa Freire iniciado na sinxeleza da zamorana poboación de Moraleja del Vino, chegaría pronto á cidade de Madrid e a súa Escola Superior do Maxisterio (años 1917 y 1918), ocasión para poder relacionarse cun sector moi destacado e de ideario avanzado do profesorado madrileño, co que lle sería posible incorporarse a unha magnífica xeración de docentes, caracterizada pola ampla formación cultural e pedagóxica, a súa apertura europeísta e o seu *pathos* ou urdime vocacional e educadora, que puido exercer ata tanto existiu o réxime republicano en España. Tería Justa Freire un primeiro destino nunha escoliña rural na serra de Gredos, antes de ser seleccionada en 1921 para incorporarse ao equipo docente do innovador e experimental

Grupo escolar Cervantes de Madrid, onde permanecerá ata que en 1933 se converta na directora do Grupo escolar Alfredo Calderón, tamén innovador y experimental. No tempo da guerra, nun Madrid o seu labor pasará a desenvolverse nas Comunidades Familiares de Educación situadas na provincia de Valencia. Virán logo: o seu ingreso na cadea de mulleres de Ventas ata mediados de 1941, o exilio interior, as clases particulares, o posterior inicio de actividades docentes no Colexio Británico de Madrid, o calvario da rehabilitación e, por fin, o reingreso (1953) “en ningún caso en Madrid”: en Manresa, cun certo recoñecemento posterior da súa figura ao abrírselle as, por outra parte, modestas páxinas de *El Magisterio Español*, escasos tres años antes de su morte.

Toda unha vida de profesora moi atenta e profesionalmente conscente en relación coas didácticas especializadas, mostrando a súa capacidade de liderato organizativo, a súa conciencia de servizo público, que se estende á súa actuación como educadora en colonias escolares desde 1923, a súa mesma consciencia profesional desde a que se incorpora en 1921 á *Asociación General de Maestros*, que desembocará na FETE. Era tamén unha mestra de ‘diario’, de continuas notas escritas, afortunadamente gardadas con cariño por parte de súa filla e entregadas á Fundación Angel Llorca.

Desde o fio cronolóxico, Mar del Pozo, trezando notas escritas, entrevistas, imaxes, sospeitas, hipóteses e categorías analíticas e interpretativas, aproximamos unha memoria feita historia (‘un eu unido ás circunstancias’), en medio dun retrato ben iluminado e contrastado dunha parte da historia de España, esa que nos pode interesar para encadrar esta historia de

vida, que é, segundo sinalar a profesora Mar del Pozo, "una mediación entre la historia individual y la social".

O texto tamén nos permite achegarnos á 'visibilidade' da vida de grupo dos equipos docentes dos que se fala, tanto no día a día, como en situacións específicas, como foron as das viaxes de estudos a Europa (Heidelberg, Ginebra). Historia cotidiana e tamén exilio interior. A vida escolar nun colexio de elite e católico como el Colexio Británico.

A autora realiza un adecuado exercicio historiográfico, no que se poñen a proba a microhistoria, a historia cultural, a superación da historia estrutural e a calidade narrativa.

Antón COSTA RICO  
USC

---

**CAMBI, F. & TREBISACCE, G. (eds.) (2012), 150 anni dell'Italia unita. Per un bilancio pedagogico (I). Pisa: Edizioni ETS, 390 pp. ISBN: 978-884673462-4.**

---

En diversos contextos, particularmente europeos e americanos, existen sólidas sociedades académicas e/ou grupos de investigación arredor da historia da educación como empresa de investigación e de construción do coñecemento. Este é o caso de Italia, onde se dispón de varios equipos de investigación moi relevantes, tal é como o caso do CIRSE (*Centro Italiano per la Ricerca Stórico-Educativa*) situado na Universidade de Firenze, que representa probablemente a máis ampla confluencia da comunidade histórico-pedagóxica italiana. A través das súas iniciativas celébranse diversos encontros científicos e promove a publicación NBC (*Nuovo Bolletino CIRSE*, instrumento

necesario para o seguemento da Hª da Educación en Italia.

Así, entre as numerosas iniciativas organizativas desenvolvidas con ocasión da conmemoración dos 150 anos da unificación italiana, hubo espazo para a revisión crítica da historia escolar, Imediante unhas Xornadas de traballo celebradas na Universidade de Calabria. Memoria e escola, acción política escolar, construción nacional, libros de texto, docentes e republicanismo cívico, compromisos e confitos...; dase conta de todo isto neste considerable *bilancio* desenvolvido en clave pedagóxica, onde tamén se trazaron liñas e horizontes de investigación tendentes a profundizar "o sentido identitario da comunidade nacional", dun modo contradictorio con aqueles sectores e forzas reactivas que se manteñen o que se reactualizaron no actual panorama socio-político italiano.

*Senza memoria non c'è futuro* escribe Michele Corsi, a quen acompañan na sección de Presentación os textos de Bruno Bellerate, Remo Fornaca e de Giacomo Cives. Máis de 20 textos constitúen a presente edición, anotando entre eles e na súa primeira parte, os de Franco Cambi (Educación e pedagogía ao longo de 150 anos: cuestións de método e de estrutura), Hervé Caballera (A fundamentación da conciencia nacional no positivismo e no neoidealismo italiano ), Carmen Betti (a educación cívica nos programas escolares), Dario Ragazzini (a ley Casati-Mamiani), Gabriela Armenise (a formación da idea de nación), Silvano Calvetto (pedagogía civil e Resistencia), Paola dal Toso (asociacionismo xuvenil e construción da Unidad). Nun segundo apartado (Unha ollada desde el *Mezzogiorno*) realízanse achegas por parte de Giuseppe Trebisacce